

Estimadas familias:

O concello de Teo desenvolverá este curso a sexta edición da formación sobre os dereitos da infancia nos centros educativos. Como sabedes, esta formación inscríbese no programa internacional **Cidades Amigas da Infancia** que lidera **UNICEF** e que ten como obxectivo principal que a xente máis nova do concello poida opinar e facer propostas de mellora en relación a problemas e necesidades que lles afectan directamente e que teñen que ver coas decisións que se toman polas diferentes áreas do goberno municipal.


As actividades de formación en participación infantil que este curso terán como contido principal a difusión do *Plan de Infancia e adolescencia de Teo (2023-2027)*, dirixiranse ao alumnado dos cursos de 6º de Educación Primaria, 1º, 2º e 3º ESO dos centros educativos e terán lugar ao longo do mes de outubro. Para canalizar esta participación precisamos que se anoten como representantes nos dous órganos municipais de participación infantil, o *Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA)*, e o *Foro de Participación Infantil e Adolescente de Teo (FoPIA)*. O primeiro, o CLIA é un órgano de participación veciñal composto por persoal representante das distintas concellerías e grupos políticos municipais, ademais da representación das familias e un número de persoas menores que supera ao de persoas adultas. As súas funcións principais son favorecer a participación activa das nenas, nenos e adolescentes, actuando como interlocutor válido ante as administracións, así como impulsar o cumprimento dos dereitos da infancia a nivel local. Polo que respecta ao FoPIA é un órgano de participación infantil e adolescente conformado exclusivamente por nenas, nenos e adolescentes acompañados nas súas reunións por persoal técnico.

Para o concello, a participación infantil ten que ver cunha estratexia global de participación da cidadanía de Teo, que permite escoitar e ter presente todo aquilo que as persoas adultas non son capaces de ver desde a súa perspectiva. Educar na participación, na elaboración de propostas para a comunidade, na comunicación de intereses, queixas, solucións, axuda ademais a desenvolver actitudes e valores democráticos e de cidadanía, e responsabiliza ao alumnado no respecto, coidado e valorización do seu entorno. Neste curso, a proposta das nenas, nenos e adolescentes para o 20 de novembro, *Día Universal da Infancia*, é traballar sobre **a protección infantil poñendo o foco na prevención da violencia de nenos, nenas e adolescentes**.

É por iso, que vos convidamos a que animedes ás vosas fillas e fillos para implicarse nesta iniciativa, intercambiando información sobre o falado na clase, facendo propostas concretas e asinando a autorización que aparece no reverso desta folla se deciden implicarse nos grupos de participación. Neste senso, informámosvos que está previsto que as nenas e os nenos participen no CLIA ao redor de dúas veces por curso lectivo (novembro e xuño). **Polo que respecta ao FoPIA as xuntanzas son de carácter mensual coincidindo en luns ás 17,30h. A primeira reunión do FoPIA será o luns 30 de outubro ás 17,30h no Salón de Plenos do concello.**

O formulario de inscrición que se xunta no reverso podedes enviálo por correo electrónico a [evalopez@teo.gal](mailto:evalopez@teo.gal), ou entregala presencialmente o día 30 na reunión. Calquera dúbida podedes contactar no teléfono 630504106.

Atentamente,



Juan Jesús Cerqueiro Pintos  
Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 18 de outubro de 2023.